

O Ministerio dá por pechado o grupo de traballo sobre ratios e horarios e empraza ás organizacións sindicais a unha última negociación na Mesa Sectorial

Atendendo as demandas da CIG-Ensino, o subsecretario de Educación, Santiago Roura, comprometeuse a abrir a negociación sobre o sistema de ingreso na función pública docente.



Mantense a excepcionalidade de poder chegar a 20 períodos lectivos semanais en secundaria que a CIG-Ensino interpreta que en Galiza serían 19 de máximo e incorpórase unha salvagarda para que as administracións doten os centros de todo o persoal que lles correspondería cando non sexa imposible desdobrar. Isto supón unha mellora a respecto do «Acordo de renuncias» dado que un centro de primaria que pase de liña, ademais da titoría podería ter algún especialista

a maiores. Con todo, a CIG-Ensino reiterou que esta excepcionalidade só debe estar en vixencia mentres dure a implantación das novas ratios porque neste período os centros deben adecuar espazos ou outras requirimentos para adaptarse ás mesmas.

Rematada a negociación entre o Ministerio e as organizacións sindicais no grupo de traballo 4 sobre **Condicións de Desempeño Docente** no que ten a ver só coas ratios e co horario lectivo, estas

«[A CIG] vixiará que a Consellaría non faga da excepción a norma facendo un labor de fiscalización horaria e denunciando calquera abuso que se produza»

son as principais conclusións para o profesorado galego, de manterse inalterábel a proposta do goberno e aprobarse polas cortes xerais esta lei sen modificacións:

APENAS NINGUNHA CONCESIÓN SOBRE A PROPOSTA INICIAL HORARIA

- **O profesorado de infantil, primaria e educación especial terá as mesmas sesións lectivas semanais o vindeiro curso, 23.** A proposta da CIG-Ensino era reducilas a 21 pero sendo conscientes de que esta medida se negociara exclusivamente en Galiza no ano 2007 e, polo tanto, que o ámbito de negociación preferente para a súa recuperación ten que ser na Mesa Sectorial galega.
- **O profesorado de secundaria e outras ensinanzas terá como norma xeral un máximo de 18 períodos lectivos semanais.** O Ministerio baixou de 21 a 20 a excepcionalidade «cando a distribución horaria do departamento de coordinación didáctica o requira». O feito de que inclúa unha cláusula para compensar por cada hora a maiores das 18 unha rebaixa de dúas horas complementarias fai que **en Galiza a Xunta non debería aplicar máis de 19**, dado que con 20 non sería posíbel reducir as 4 complementarias. O ministerio non aceptou eliminar esta excepcionalidade como propoñía a CIG-Ensino. Con todo, o sindicato maioritario vixiará que a Consellaría non faga da excepción a norma facendo un labor de fiscalización horaria e denunciando calquera abuso que se produza.
- **Os cambios no horario lectivo**, se finalmente se aproba esta Lei nestes termos, **entrarían en vigor desde o vindeiro curso 26/27.**

AS RATIOS, UN CALENDARIO DEMASIADO LONGO (AÍNDA QUE MENOS QUE O DA XUNTA)

No que respecta ás ratios a proposta do Ministerio determina que **o alumnado con necesidades educativas específicas compute nas distintas**

etapas como dobre aos efectos do establecemento do tope máximo da aula. Esta medida tamén se implantaría **desde o vindeiro curso**. A CIG-Ensino solicitou que se ampliara esta consideración ao alumnado NEAE e que se incluíran outras medidas relevantes para garantir unha correcta atención á diversidade, como **a fixación dunha ratio de persoal orientador por cada 250 estudantes**, como recomenda a UNESCO, **ou dunha ratio máxima de alumnado NEE e NEAE por cada persoal especialista de PT e AL**. Estas propostas non foron aceptadas alegando limitacións orzamentarias e dificultades para negociarlas coas administracións autonómicas.

Polo demais, a CIG-Ensino volveu incidir en que era necesario adiantar o calendario de implantación das ratios nas distintas etapas, comezando en todas elas o vindeiro curso e poñendo o foco en que, tal e como prevé o Ministerio a aplicación, en primaria vai ser preciso implantar dous cursos á vez ao final de todo do período cando o lóxico sería comezar antes. Cómpre lembrar que **o texto proposto na negociación indica que o último curso de aplicación será o 31/32**. No caso do Acordo mal chamado de melloras asinado en Galiza prevíase que o último curso de aplicación das ratios en primaria sería o 32/33 e non se comezaría a negociar a redución na ESO e Bacharelato até o curso 27/28. A proposta do goberno central mellora o panorama que se presentaba a nivel galego pero de forma insuficiente a xuízo da CIG-Ensino e das demandas do ensino público galego, tanto do profesorado como das familias e do alumnado.

Queda polo tanto a seguinte temporalización:

- Curso 27/28:** inicio da baixada de ratios nos primeiros cursos de infantil (pendente de regular noutra normativa porque ao tratarse de ensinanza non obrigatoria o MEFPD asegura non ter capacidade para facelo nesta lei) e primaria (22 estudantes por aula).
- Curso 28/29:** inicio da baixada de ratios na ESO a 25 estudantes por aula.
- Curso 29/30:** inicio da baixada de ratios en Bacharelato segundo se determine na modificación do RD 132/2010, ao igual que en infantil.

A CIG-Ensino fixo unha petición concreta a respecto de que **se reduzan as ratios no primeiro ciclo de infantil e no ámbito da FP cando menos**

na FP básica, lembrando que a proposta inicial do Ministerio incorporaba esta última. Cómpre destacar que o RD 659/2023 prevé que no curso 28/29 haxa unha ratio máxima de 25 nos CM, CS e CE presenciais e de 20 na FP básica. En Galiza nestas últimas ensinanzas xa está regulado este tope na ORDE do 13 de xullo de 2015, de aí a insistencia do sindicato nacionalista en que **se rebaixara a 15**, á vez que tamén se reducira a dos ciclos medios a respecto dos 25 postos formativos.

MATIZACIÓN POSITIVA DA EXCEPCIONALIDADE


Un dos cambios introducidos polo Ministerio na redacción do Anteproxecto de Lei, froito da negociación, supón unha mellora a respecto da proposta inicial. Por un lado, inclúe que **«ante a imposibilidade de realizar desdobres polas características particulares dos centros as administracións educativas garantirán os recursos humanos adicionais, que se corresponderán coa dotación dos grupos que serían necesarios en virtude das ratios establecidas»**. Esta fora unha demanda da CIG-Ensino que advertira nas súas alegacións que as administracións podían cometer fraude de lei amparándose en non poder realizar estes desdobres. Isto tamén supón unha mellora a respecto do recollido en Galiza no Acordo de Rueda con UGT, ANPE e CCOO porque non só asegura que se dote dunha persoa titora maiores senón nalgún caso, cando se produza incremento de liñas, implicaría máis profesorado especialista.

Por outra banda, aínda que neste caso é máis unha declaración de intencións que algo concreto, tamén se incorpora o que pretende ser unha salvagarda da escola rural ao indicar que se fixarán **«criterios cualitativos que fomenten neste ámbito a permanencia do alumnado no sistema educativo»**. A CIG-Ensino pediu que se teña en conta que nestes centros o máis relevante é garantir

«A CIG-Ensino pediu que se teña en conta que nestes centros o máis relevante é garantir a calidade pedagóxica limitando os agrupamentos de etapas e de distintos niveis e evitando o peche de unidades»

a calidade pedagóxica **limitando os agrupamentos de etapas e de distintos niveis e evitando o peche de unidades**.

O Ministerio tamén se comprometeu a desenvolver no prazo de seis meses, e non dun ano desde a aprobación da Lei, **unha normativa que fixe os indicadores que se terán en conta á hora de identificar aqueles centros nos que unha redución de ratios específica vai ter unha maior incidencia positiva** (nivel de renda, taxa de abandono, taxa de promoción, condicións socioeconómicas vulnerábeis...). O subsecretario de Educación indicou que non é posíbel incluír neste anteproxecto eses indicadores, como lle solicitou a secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxó, «porque é un traballo que se está facendo a nivel estatístico con outras administracións» pero defendeu que esta norma ampara que se teñan que cumprir esas ratios unha vez regulados ditos indicadores.



Laura Arroxó

Por último tamén comentou que **o goberno central non pode modificar o artigo 105 da LOE relativo á redución da xornada lectiva para maiores de 55 con e sen merma salarial por non ter carácter básico, o que deixa en mans da Xunta de Galiza esta regulación**. Precisamente esta é unha das medidas, xunto co tema da recuperación do horario, a redución das ratios en todas as etapas e a maior dotación de persoal para atender a diversidade, ás que tampouco dá resposta o anteproxecto de lei ministerial que se inclúen na táboa reivindicativa da folga dos próximos 28 e 29 de outubro, dado que son todas elas competencias da Consellaría e dependen directamente da súa política de recursos humanos.

A CIG-Ensino solicita na mesa xeral da administración pública que se elimine a restrición para que o persoal substituto cobre o verán

Tamén esixe que a ampliación do permiso por nacemento, adopción e acollemento non deixe fóra as traballadoras da Xunta.

Na mesa xeral celebrada onte, 16 de outubro, para negociar a lei de orzamentos e a lei de medidas que os acompaña a CIG presentou unha serie de achegas entre as que destacamos a que pretende que o goberno elimine a suspensión do cobro do verán por parte do persoal substituto que traballe máis de cinco meses e medio ao longo dun curso.

De igual forma a representación da CIG tentou que a recente modificación estatal do permiso por nacemento, adopción ou acollida que supón unha ampliación de tres semanas –dúas destinadas ao coidado do menor, que se poden gozar até os 8 anos, e unha correspondente ao propio nacemento, adopción ou acollemento–, non quede sen ser ningunha mellora real para as mulleres que traballan para a administración autonómica, que xa teñen recoñecidas 22 semanas de permiso.

No caso das docentes, até o de agora, a Seguridade Social ou a Xunta aboaban 16 semanas (dependendo de se se trataba de persoal interino ou fixo respectivamente) e as 6 restantes eran asumidas

«Coa nova normativa, a Seguridade Social e a Xunta (...) pasarán a sufragar 19 semanas, polo que esta última só achega 3 semanas para manter esas mesmas 22»

nos dous casos pola administración galega para completar as 22 semanas que teñen recoñecidas. Coa nova normativa, a Seguridade Social e a Xunta (no caso das funcionarias de carreira) pasarán a sufragar 19 semanas, polo que esta última só achega 3 semanas para manter esas mesmas 22. Esta situación é particularmente relevante no ensino porque é o único sector no que a Xunta se fai cargo das primeiras semanas para as mutualistas pertencentes a MUFACE, dado que no SERGAS ou no resto da administración autonómica asúmeas, e así o seguirá facendo, a Seguridade Social. En calquera caso, o permiso, se non se teñen en conta as achegas da CIG, non aumentará para as mulleres e mesmo a Xunta aforrará cartos a costa dos seus dereitos ao deixar de financiar tres semanas no caso do persoal interino e substituto docente e no resto das traballadoras da administración.

As familias monoparentais seguen discriminadas

A Xunta tampouco aceptou a demanda da CIG de que as familias monoparentais poidan gozar das 22 semanas 19 da outra persoa proxenitora, quedando a súa situación con 22 + 10 porque a administración entende que as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio non se duplican nestes casos. Esta decisión xa supuxo un recorte no seu día dado que as mulleres, maioritariamente, puideren ter até 38 semanas no caso de ser monoparentais. Lamentabelmente a administración galega non aproveitou a introdución destes cambios para reverter esta situación.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal